

Aínda que, coma moitos do meu tempo, nacín na Alemaña á que emigraron os meus pais, crieime en Santiago. Estudei no Peleteiro, cando aquel colexio estaba no Ensanche e quedei moitas veces na súa palmeira. E cando non estudaba, e non botaba unha man no bar dos meus pais, paseaba a miña adolescencia polos Agros de Ramírez. Daquel curruncho saíron unha boa parte das amizades que conservo a día de hoxe. Tamén daquela tempo veu a miña afección ao fútbol: pasei polos infantís do desaparecido equipo dos Basquiños, polos xuvenís do Bertamiráns e polo Bodegón Arzúa de fútbol sala.

As miñas inquedanzas políticas de mocidade conducíronme até experiencia do Goberno de Galicia no 2005-2009. E tamén desde alí foi como cheguei até a fundación de Compromiso por Galicia, sendo o seu primeiro secretario xeral, até 2017.

Teño o privilexio de vivir e traballar, no que me gusta, pola nosa cidade. E o privilexio faise maior porque podo ir camiñando até o traballo polas rúas de Santiago. Véxoa, respíroa e síntoa cada día. Sei que xuntos poderemos facer dela algo máis que a capital administrativa dunha Comunidade Autónoma: xuntos poderemos ser a verdadeira capital de todo un país, na plenitude do concepto.

XOÁN CARLOS BASCUAS JARDÓN